

Área / Unidad EDUCACION ED0000 EBS.	Documento 2361AI00EJ	
Código de verificación  3L47 096A 024Z 060K 0SI5	Expediente 236/2026/66 Fecha 25-02-2026	

BASES REGULADORAS DO PROCESO DE ADMISIÓN NAS ESCOLAS INFANTÍS INTEGRADAS NA REDE DE ESCOLAS INFANTÍS MUNICIPAIS (REIM) PARA O CURSO 2026-2027

1. OBXECTO E MARCO XURÍDICO

O Concello da Coruña convoca o procedemento de admisión do alumando da Rede de Escolas Infantís Municipais do Concello da Coruña (en diante, REIM) para o curso escolar 2026/2027.

A REIM do Concello da Coruña está formada por centros educativos nos que se imparte o primeiro ciclo de educación infantil, de carácter non obrigatorio, onde se escolarizan nenas e nenos entre os 3 meses e os 3 anos.

Forman parte da REIM do Concello da Coruña as escolas infantís municipais que se detallan a continuación:

Escola	Enderezo
EIM Novo Mesoiro (Actualmente A Caracola)	R/ Illas Cíes, s/n (Novo Mesoiro)
EIM Agra do Orzán	R/ Alcalde Liaño Flores, s/n (Agra do Orzán)
EIM Elviña (Actualmente Arela)	Avda. de Oleiros, s/n (Elviña)
EIM Castrillón (Actualmente Carricanta)	R/ José M. Hernansáez ,11 (Castrillón)
EIM Os Rosales	R/ Alfonso R. Castelao, s/n (Os Rosales)
EIM Luís Seoane	R/Vixía, s/n (Monte Alto)
EIM Monte Alto	Praza Monte Alto (Monte Alto)
EIM Palavea (Actualmente Os Cativos)	Lg. Río de Quintás, 1 (Palavea)

Todas as escolas infantís municipais teñen un **horario de apertura de 07:00 a 17:00 horas, de luns a venres, durante 11 meses ao ano (de setembro a xullo).**

O marco xurídico da REIM do Concello da Coruña está constituído polo Regulamento de Organización e Funcionamento das Escolas Infantís Municipais, publicado no BOP da Coruña núm. 33 do 16 de febreiro de 2023 e na web municipal de Educación, o regulamento de réxime interno de cada escola (RRI) e a normativa autonómica de aplicación.

As escolas infantís municipais ofrecen os seguintes servizos:

1. Atención educativa:

As escolas que integran a REIM do Concello da Coruña contan cun proxecto educativo propio, axustado á normativa vixente e que presta especial atención á promoción da cultura galega, a normalización da lingua galega e a pluralidade lingüística, a inclusión, a igualdade, a alimentación saudable, a protección do medio ambiente e a realización de actividades complementarias de todo tipo.

2. Servizo de comedor

O servizo de comedor, que é voluntario e non gratuíto, pode demandarse na modalidade de almorzo, comida, merenda, e comedor a días soltos.

Todas as escolas contan con cociña propia e os menús están supervisados e adaptados por un servizo específico de nutrición infantil.

As tarifas, fixadas pola Xunta de Goberno Local, son as mesmas para toda a REIM e abonaranse directamente ás propias escolas.

As tarifas, aprobadas para ao curso escolar 2026/2027, son as seguintes:

Xantar	92,34 €/mes
Comedor a días soltos	5,27 €/día
Almorzo	19,19 €/mes
Merenda	31,66 €/mes
Horario ampliado	0,00 €

3. Ampliación horaria:

Cada escola abrirá dez horas diarias, de 07:00 a 17:00 horas, de luns a venres e durante os meses de setembro a xullo.

Os/as menores deberán permanecer na escola un mínimo de tres e un máximo de oito horas diarias. Non obstante, de forma excepcional autorizada polo Servizo Municipal de Educación e previo informe da Dirección da escola, poderá solicitarse o horario ampliado, ata un máximo de 10 horas diarias. Este servizo é gratuíto.

4. Período de adaptación:

As escolas planifican o período de adaptación do/a menor, entendido como unha incorporación gradual dos/as menores na escola cando acoden por primeira vez. Cada escola ao comezo do curso programa unha primeira reunión para explicar como vai desenvolver ese período de adaptación.

2. TIPOS DE SOLICITUDES

As persoas interesadas poderán realizar ante o Concello da Coruña tres tipos de solicitudes, en función da súa necesidade.

2.1 SOLICITUDE DE RENOVACIÓN OU RESERVA DE PRAZA NA EIM

As persoas proxenitoras, titores/as ou representantes legais dos/as menores que xa se atopen matriculados na REIM do Concello da Coruña no curso 2025-2026 **e que desexen renovar a praza para o próximo curso 2026-2027** terán dereito a reservar unha praza na escola infantil onde están matriculados, para o cal deberá presentar na mesma escola infantil a seguinte documentación:

- Modelo de ficha de reserva de praza facilitada pola escola.
- Libro de vacinas actualizado.
- Calquera outra documentación que a escola considere necesaria para a prestación do servizo.

O prazo para solicitar a reserva de praza será **do 9 ao 12 de marzo de 2026**, no horario de apertura da escola infantil.

Non poderán solicitar a reserva de praza as persoas que no momento de formalizar a solicitude manteñan mensuralidades impagadas por algún dos servizos complementarios.

A persoa solicitante recibirá unha comunicación por parte da propia escola infantil municipal onde se lle comunicará se o/a menor ten praza dispoñible para o curso 2026/2027 na escola onde solicita a renovación da praza. De non ser así daráselle unha alternativa de traslado.

En última instancia, de non ter praza reservada, deberá realizar a solicitude de novo ingreso de acordo co procedemento establecido no punto 2.3.

2.2 SOLICITUDE DE TRASLADO DE PRAZA

As persoas proxenitoras, titores/as ou representantes legais dos/as menores que xa se atopen matriculados nunha escola da REIM no curso 2025-2026 poderán solicitar o traslado da súa matrícula a outra escola da REIM, cando existan prazas libres nesa, sempre que, no momento da solicitude, se cumpran as seguintes condicións:

- Que no momento de formalizar a solicitude non existan mensuralidades impagadas por algún dos servizos complementarios.

- Que se conte cun irmán ou unha irmá escolarizado/a na escola infantil solicitada.
- No caso dun/unha menor con NEAE é necesario que o centro de destino teña algunha praza dispoñible para un menor con NEAE na unidade na que solicita ingresar.

A solicitude de traslado presentarse na secretaría da escola infantil na que se desexe ingresar, entre o **9 e o 12 de marzo de 2026**, no horario de apertura da escola infantil.

A persoa solicitante recibirá unha comunicación por parte da escola infantil municipal onde se desexa ingresar de se o/a menor ten praza dispoñible para o curso 2026/2027.

De non dispoñer de praza, daráselle a opción de continuar na mesma escola infantil se así o desexa.

En última instancia, deberá realizar a solicitude de novo ingreso de acordo co procedemento establecido no punto 2.3.

2.3 SOLICITUDE DE NOVO INGRESO – PRAZAS VACANTES

Logo de finalizar o prazo de traslado e reserva de praza, publicarase unha listaxe das prazas vacantes no taboleiro de anuncios de cada unha das escolas da REIM e na páxina web do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal/educacion>) e abrírase un prazo para solicitar unha praza de novo ingreso (preferente ou ordinario).

A publicación das prazas vacantes realizarase o día **13 de marzo de 2026**.

A partir desa data, comezará o prazo para solicitar unha praza de novo ingreso nunha das escolas infantís municipais.

Será requisito para solicitar unha praza de novo ingreso na REIM do Concello da Coruña ter unha idade mínima de tres meses o día de comezo do curso escolar e non ter cumpridos os 3 anos o 31 de decembro de 2026. Con todo, poderase eximir do requisito do límite de idade de 3 anos aos nenos/as con NEAE, de acordo coa normativa vixente e co regulado nestas bases.

Para solicitar unha praza de novo ingreso na REIM será necesario que o/a menor estea empadroad/a con algún dos proxenitores ou, no seu caso, co titor/a legal. Para estes efectos e para determinar o domicilio do/a menor tomarase como referencia o do/a solicitante.

O alumnado que reúna os requisitos sinalados nesta convocatoria, poderá solicitar unha praza nas escolas da REIM e, para iso, deberá presentarse unha **UNICA SOLICITUDE, cubrindo unha pre inscrición previa**, onde indicará a escola infantil municipal na que desexa ingresar.

O procedemento está regulado no apartado 3 desta convocatoria.

Existen dous tipos de solicitudes de novo ingreso:

2.3.1 Solicitude de novo ingreso de carácter preferente

Terán o carácter de preferente aquelas solicitudes de praza das/os proxenitores, titores/as ou representantes legais nas que concorran algunha das seguintes circunstancias:

- Os/as menores que teñan algún irmán ou irmá escolarizado nalgunha das escolas da REIM durante o curso 2026/2027. Neste caso deberase aportar unha certificación acreditativa da escola infantil.
- Os fillos e fillas do persoal que presta servizos na escola infantil, sempre e cando existan prazas vacantes na escola infantil que desexen matricular o/a menor. Neste caso a solicitude deberase acompañar dun certificado emitido pola empresa que xestiona a escola infantil no que se sinala que o/a solicitante é persoal da empresa e que non se superan os límites de reserva de praza que se establecen no artigo 72 do convenio laboral.
- As prazas reservadas por **urxencia social** por darse algunha das seguintes circunstancias:
 - a. Menores tutelados/as ou en situación de garda por parte da administración autonómica competente. Deberá aportarse a resolución administrativa da situación da garda/tutela expedida polo órgano competente da administración autonómica.
 - b. Fillos/as de mulleres que estean en centros de acollida ou que sexan vítimas de violencia de xénero. Deberase aportar documentación acreditativa de unidades familiares vítimas de violencia de xénero, segundo o artigo 5 da Lei 11/2007, do 27 de xullo, galega para a prevención e o tratamento integral da violencia de xénero:
 - Certificación da orde de protección ou da medida cautelar, ou testemuño ou copia autenticada pola secretaria ou o secretario xudicial da propia orde de protección ou da medida cautelar.
 - Sentenza condenatoria na orde penal onde se acredite violencia de xénero.
 - Certificación e/ou informe dos servizos sociais e/ou sanitarios da Administración pública autonómica ou local.
 - Certificación dos servizos de acollida da Administración pública autonómica ou local.
 - Informe do Ministerio Fiscal que indique a existencia de indicios de violencia.
 - Informe da Inspección de Traballo e da Seguridade Social.
 - Calquera outras que se establezan regulamentariamente.
 - c. Menores que se atopen nun contexto socio familiar de risco social e requiran dunha intervención inmediata. Deberase aportar o informe do/a técnico/a do sistema de servizos sociais ou outros sistemas, no que se valore a urxencia social e se propoña como recurso idóneo para a atención do/a menor a escola infantil municipal, de maneira motivada e coherente cos obxectivos da intervención social proposta.

2.3.2 Solicitudes de novo ingreso de carácter ordinario

Poderán formular esta solicitude as persoas que, cumprindo as condicións desta convocatoria, desexen obter unha praza nalgunha das escolas infantís e non se encontren en ningunha das situacións do punto 2.3.1.

3. PROCEDEMENTO DE SOLICITUDE E ASIGNACIÓN DE PRAZAS

3.1 PUBLICACIÓN DE PRAZAS VACANTES

Publicarase unha listaxe das prazas vacantes no taboleiro de anuncios de cada unha das escolas da REIM e na páxina web do Concello da Coruña (<https://www.coruna.gal/educacion>) e abrirase un prazo para solicitar unha praza de novo ingreso (preferente ou ordinario).

A publicación das prazas vacantes realizarase o día **13 de marzo de 2026**.

3.2 PRE INSCRICIÓN - SOLICITUDE DE NOVO INGRESO

Todas as persoas interesadas en obter unha praza nova nunha escola infantil municipal deberán presentar unha preinscrición a través da ficha específica de “**Solicitud de praza curso 2026-2027**”, dispoñible na páxina web municipal www.coruna.gal/educacion.

A pre inscrición en liña deberase realizar entre o **16 e o 30 de marzo de 2026**.

Na ficha indicarse, por orde preferencia, as dúas escolas infantís onde se desexa ingresar.

Unha vez cuberta esta ficha, o sistema elaborará un xustificante nun documento PDF, que se envía á dirección de correo electrónico facilitada.

Ese documento en PDF, denominado **ficha de preinscrición**, conterá un **número de identificación (IDE)** que será o de referencia para cada expediente no procedemento.

Dado o seu carácter de preinscrición, este xustificante é só un trámite previo necesario para poder formular validamente a solicitude da praza propiamente dita e non ten en ningún caso a consideración de solicitude dunha praza nunha escola infantil para o curso 2026-2027.

Unha vez realizada a preinscrición en liña, a persoa que desexe obter unha praza nunha escola infantil municipal **deberá imprimir a ficha de pre inscrición e presentala nun rexistro público**.

A ficha, que deberá estar asinada polos dous proxenitores ou titores/as, salvo que soamente exista un/ha, poderase presentar no rexistro electrónico do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>) ou presencialmente en calquera dos rexistros físicos do Concello da Coruña ou por calquera outro medio dos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

A ficha, que terá o carácter de **SOLICITUDE**, deberá acompañarse da documentación necesaria establecida nestas bases para poder acreditar as condicións requiridas para solicitar praza e para realizar a posible baremación. Non obstante, de ser preciso, poderáselle requirir á persoa solicitante outra documentación aclaratoria da situación familiar sempre e cando sexa precisa para a baremación.

A solicitude deberá acompañarse da seguinte documentación, en función de cada caso:

- a) Xustificante de confirmación da preinscrición en liña asinado polas dúas persoas proxenitora. Soamente será necesaria unha sinatura no caso de familias monoparentais/monomarentais ou que teñan a patria postestade en exclusiva.
- b) Copia do DNI/NIE ou documento acreditativo da identidade das dúas persoas proxenitoras (de ser o caso, anverso e reverso). No caso de presentar o Certificado de Rexistro de Cidadán da Unión, este deberase achegar xunto co documento de identidade do país de orixe.
- c) Copia do libro de familia ou, na súa falta, outro documento que acredite oficialmente a situación familiar.
- d) No caso de non ter nacido o/a menor para quen se solicita a praza, un certificado médico que indique a posible data prevista para o seu nacemento. Nestes casos, a condición de nacido/a deberá acreditarse no momento de realizar a matrícula na escola asignada.
- e) No caso de separación ou divorcio, a sentenza ou documentación acreditativa de que o/a menor está a cargo da persoa solicitante ou ben goza de custodia compartida.
- f) No caso de alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE), deberá acreditarse a concorrencia desta circunstancia.
- g) No caso de menores empadroados fóra do Concello da Coruña, presentarase o certificado de padrón no que se acredite que o/a menor reside con algún dos seus proxenitores.
- h) As solicitudes con carácter preferente, ademais, deberán presentar a documentación acreditativa do cumprimento dalgún dos requisitos sinalados para ter dereito ao ingreso preferente, tal e como se recolle no punto 2.3.1.
- i) Os/as residentes noutros municipios, que traballen no Concello da Coruña, deben achegar un certificado de empresa no que conste que a persoa traballa nun centro de traballo con domicilio na Coruña.
- j) No caso de non autorizar na preinscrición online a consulta dos datos tributarios, deberá achegar a/s declaración/s da renda dos membros da unidade familiar correspondente/s ao exercicio 2024.
- k) Para os casos nos que non sexa posible a obtención de datos económicos para ambos ou algún dos proxenitores (non constar dado de alta no censo de contribuíntes, persoas sen DNI/NIE ou persoas sen exercicio profesional ou laboral en España desde a súa chegada ao país) será obrigatorio que se presente unha declaración responsable que deberá vir asinada polos proxenitores afectados por esta circunstancia. Cada proxenitor deberá facer constar os seus ingresos obtidos nos últimos doce meses, así como a súa procedencia. Xunto coa declaración xurada deberá achegar a súa vida laboral e, no caso de traballar en España, copia de:

- As nóminas dos últimos seis meses anteriores a data da solicitude, no caso de traballadores por conta allea.
 - As declaracións tributarias trimestrais relativas ao período anterior, no caso de traballo por conta propia.
- l) As persoas empadroadas no Concello da Coruña, no caso de non autorizar a consulta do padrón na solicitude en liña, deberán achegar un certificado de padrón que acredite a residencia no concello do/da solicitante con algún dos proxenitores.

A falta de presentación dalgún dos documentos dentro do prazo de presentación da solicitude e de emenda suporá a exclusión do proceso.

Outra documentación a efectos de valoración:

- No caso de familias monoparentais ou monomarentais, certificado vixente no prazo de presentación das solicitudes, expedido pola Dirección Xeral de Familia, Infancia e Dinamización Demográfica ou o órgano competente da Administración autonómica.
- No caso de non autorizar na pre inscrición en liña a consulta do grao de discapacidade, deberase presentar un certificado expedido polo órgano competente onde conste o grao de discapacidade do/a menor ou do/a proxenitor/a ou titor/a.
- Resolución do recoñecemento do grao de dependencia do/a menor ou de recoñecemento dalgunha medida de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica.
- No caso de no autorizar na pre inscrición en liña a consulta do certificado de vida laboral, deberase aportar dito certificado actualizado á data de presentación da solicitude.
- No caso de que se estivese a desfrutar dunha excedencia laboral por coidado de fillos e fillas, para a obtención da puntuación do apartado de situación socio laboral, ademais de autorizar a consulta ou presentar o certificado da vida laboral actualizado á data de presentación da solicitude, deberán presentar documentación que acredite a data de finalización da excedencia, que debe coincidir, como máximo, co mes de incorporación do/a menor á escola infantil.
- De ser o caso, a xustificación acreditativa do impedimento das persoas proxenitoras para atender ao neno ou á nena.
- No caso de non autorizar na pre inscrición en liña a consulta da situación de familia numerosa, deberase presentar o título acreditativo da condición de familia numerosa vixente no prazo de presentación da solicitude, expedido pola consellería competente da Administración autonómica.

A falta de presentación dalgún dos documentos recollidos neste apartado dentro do prazo de presentación da solicitude ou de emenda suporá a non valoración no apartado correspondente.

Nas solicitudes de novo ingreso de **alumnado con necesidades específicas de apoio educativo (NEAE)**, deberá acreditarse a concorrencia desta circunstancia, mediante informe médico, e informe da dirección da escola favorable sobre a posibilidade de atención e/ou existencia ou non de prazas dispoñible para o menor.

No caso de que o menor se atope en idade escolar que lle permita o acceso á escolarización ordinaria e que os pais/ nais ou titores legais queiran acollerse á flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil, deberán presentar:

- a. Solicitud de continuidade dun curso máis na escola infantil ,achegando informes médicos que xustifiquen a conveniencia do solicitado.
- b. Informe positivo da dirección do centro docente no cal se solicitou a admisión para cursar o primeiro curso do segundo ciclo de educación infantil, que trasladará ao equipo de orientación específico correspondente dita petición, emitindo o correspondente informe, indicando se procede ou non a flexibilización por ampliación da duración do período de escolarización no primeiro ciclo de educación infantil.
- c. Informe da dirección da escola infantil, valorando a pertinencia ou non da súa permanencia ou incorporación á escola.
- d. Resolución da xefatura territorial con competencia na materia, para adoptar a procedencia ou non da flexibilización.

3.3 PUBLICACIÓN DE SOLICITUDES RECIBIDAS E APERTURA DE PRAZO DE EMENDA

Logo de finalizar o prazo de presentación de solicitudes, publicarase unha listaxe de solicitudes admitidas e excluídas, así como das emendas necesarias.

O listado publicarase o día **4 de maio de 2026**.

No caso de que se detecte algún erro na listaxe ou de que se requira de emendar algunha documentación aportada xunto coa solicitude, as persoas interesadas terán un prazo de 10 días hábiles para emendar a súa solicitude ou facer alegación. O prazo de emenda será **do 5 ao 18 de maio de 2026**.

3.4 RESOLUCIÓN PROVISIONAL E TRÁMITE DE AUDIENCIA

Unha vez finalizado o prazo de emenda, a **Comisión de Escolarización**, constituída de conformidade co sinalado no artigo 25 do Regulamento de Organización e Funcionamento das escolas infantís integradas na Rede de Escolas Infantís do Concello da Coruña (BOP da Coruña, núm. 33, 16/02/2023), valorará as solicitudes presentadas en función da puntuación alcanzada segundo os criterios de prioridade e baremación establecidos nestas bases.

Valoradas as solicitudes, a Comisión de Escolarización formulará a **proposta de resolución provisional** co alumnado admitido, en espera e excluído, que se publicará na páxina web municipal do servizo de educación <https://www.coruna.gal/educacion>.

A publicación da proposta de resolución provisional farase o día **8 de xuño de 2026**.

Contra a proposta de resolución provisional poderanse formular alegacións no prazo improrrogable de 10 días hábiles contados a partir do día seguinte á publicación da proposta de resolución provisional, **é dicir, entre o 9 ao 22 de xuño de 2026**.

Durante esta fase do procedemento non se admitirá a presentación de novas solicitudes.

As alegacións deberán formularse nun rexistro público.

3.5 RESOLUCIÓN DEFINITIVA

A Comisión de Escolarización reunirse ao finalizar o prazo de alegacións para estudar as que se presentaron e realizará un **informe final**, que se elevará ao órgano instructor, que elaborará a proposta de **resolución definitiva** coas listas definitivas do alumnado admitido con praza adxudicada, en agarda e excluídos. As alegacións entenderanse resoltas coa publicación das listas definitivas.

As listas definitivas serán publicadas na páxina web do Servizo de Educación (<https://www.coruna.gal/educacion>) e en cada unha das escolas da REIM, co fin de que se poidan xestionar as matrículas no prazo establecido.

A publicación da resolución definitiva realizarase o día **30 de xuño de 2026**.

A partir desa data comezará o prazo de matrícula en cada unha das escolas infantís adxudicadas.

O prazo de matrícula remata o día 10 de xullo de 2026. No caso de non realizar a matrícula en dito prazo perderase o dereito á praza e chamarase da lista de agarda.

Contra esta resolución definitiva de asignación de prazas poderase interpoñer recurso potestativo de reposición, no prazo dun mes contado desde o día seguinte ao da súa publicación, ou ben interpoñer directamente un recurso contencioso-administrativo no prazo de dous meses.

3.6 CRITERIOS DE ASIGNACIÓN DE PRAZAS

A adxudicación das prazas farase atendendo á prioridade establecida na folla de pre inscrición.

Intentarase adxudicar unha praza na escola infantil solicitada en primeiro lugar. De non ser posible, intentarase adxudicar unha praza na escola infantil indicada en segundo lugar. En caso de non ser posible, pasarase á lista de agarda por orde de puntuación.

A adxudicación dunha praza nunha escola infantil solicitada (sexa a primeira ou segunda opción) implica a súa aceptación, salvo renuncia expresa. No caso de renuncia, poderase solicitar entrar en lista de agarda.

A renuncia expresa a unha praza obtida nunha escola infantil municipal deberase presentar no **prazo de 3 días hábiles** a contar dende o día seguinte ao que se publique a listaxe definitiva de asignación de prazas.

Deberase presentar mediante rexistro electrónico do Concello da Coruña (<https://sede.coruna.gob.es>) ou presencialmente en calquera dos rexistros físicos do Concello ou por calquera outro medio dos establecidos no artigo 16 da Lei 39/2015, do 1 de Outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

Para a asignación de prazas terán preferencia de acceso os/as **menores empadroados/as no Concello da Coruña con algún dos/as seus proxenitores ou os/as seus representantes legais**.

Dentro destes menores, en primeiro lugar os que presenten solicitude de novo ingreso de carácter preferente.

En segundo lugar, se aínda existisen vacantes, terán preferencia os/as menores empadroados/as noutros municipios, sempre que algún dos/as seus proxenitores ou representantes legais teña o seu posto de traballo no termo municipal da Coruña.

En terceiro lugar, se aínda quedasen vacantes, poderán optar os menores doutros municipios.

Unha vez aplicados estes criterios de prioridade, **se existen máis solicitudes que vacantes, procederase a baremar as solicitudes de acordo cos seguintes criterios:**

- Situación socio laboral:

Situación socio laboral	Puntuación
Ocupación laboral das persoas proxenitoras ou con impedimento acreditado para atender a/o nena/o	8
Ocupación laboral dunha das persoas proxenitoras ou con impedimento acreditado para atender a/o nena/o	4
Condición de familia monoparental/monomarental traballando ou con impedimento acreditado para atender a/o nena/o	8

- Situación socio familiar:

Situación socio familiar	Puntuación
Irmáns/ás solicitando praza simultaneamente	4 puntos
Menor solicitante cunha discapacidade igual ou superior ao 33% ou grao de valoración da situación de dependencia recoñecido	3 puntos
Proxenitor/a que forme parte da unidade familiar cunha discapacidade igual ou superior ao 33%	1 punto
Condición de familia monoparental/monomarental	2 puntos
Condición de familia numerosa	2 puntos

- Situación económica:

A puntuación asignada na situación económica da unidade familiar só se terá en conta cando exista un empate entre varias solicitudes, de acordo coa puntuación obtida nas situacións socio familiar e socio laboral.

A estes efectos teranse en conta os tramos de renda, tomando como referencia o Indicador de prezos de renda de efectos múltiples (en diante, IPREM), e calculados do seguinte xeito:

Entenderase por unidade familiar, para os efectos destas bases, a composta, no momento da solicitude, polos cónxuxes non separados legalmente, así como as persoas unidas por análoga relación de afectividade, ou a formada por unha soa persoa proxenitora, máis:

- As fillas/os menores de idade, agás que vivan de xeito independente.
- As fillas/os maiores de idade que residan no domicilio e dependan economicamente dos proxenitores e se encontren nalgún destes supostos:
 - Persoas que teñan recoñecida algunha medida de apoio para o exercicio da súa capacidade xurídica ou equivalente, ou que teñan recoñecido un grao de valoración da súa situación de dependencia ou un grao de discapacidade igual o superior ao 33%, ou patria potestade prorrogada ou rehabilitada.
 - Cursando estudos, mesmo no caso de que residan noutra localidade ao longo do curso.
- As /os menores en situación de acollemento familiar
- No caso dos proxenitores/as separados/as ou divorciados/as, enténdese por unidade familiar a formada polo/a proxenitor/a que teña a garda e custodia, e se os /as houbera, o/s irmán/s ou irmá/s que se acolla/n ao apartado anterior e que conviva/n no domicilio familiar e así conste no padrón de habitantes. Neste caso, engadirase os ingresos percibidos por pensión compensatoria.

A renda familiar calcularse tomando como referencia o importe dos ingresos totais da unidade familiar, que será o resultado da agregación das rendas de cada membro do exercicio fiscal correspondente ao ano 2024, calculadas por agregación da base imponible xeral coa base imponible do aforro, segundo os criterios establecidos na normativa do imposto sobre a renda das persoas físicas (IRPF). Para as persoas non obrigadas a presentar a declaración do IRPF, teranse en conta os datos económicos do nivel de renda que figuren na Axencia Estatal de Administración Tributaria (en diante, AEAT).

Para determinar a puntuación para os efectos do desempate entre solicitudes, tomarase como referencia a renda do ano que corresponda e basearase nos seguintes tramos:

Renda	Puntuación
RENDAS INFERIORES AO 30% DO IPREM	7
RENDAS COMPRENDIDAS ENTRE O 30% E INFERIORES AO 50%	6
RENDAS COMPRENDIDAS ENTRE O 50% E INFERIORES AO 75%	5
RENDAS COMPRENDIDAS ENTRE O 75% E INFERIORES AO 100%	4
RENDAS COMPRENDIDAS ENTRE 100% E INFERIORES AO 125%	3
RENDAS COMPRENDIDAS ENTRE O 125% E INFERIORES AO 150%	2
RENDAS COMPRENDIDAS ENTRE O 150% EO 200%	1
RENDAS SUPERIORES AO 200% IPREM	0

▪ Outros criterios:

Se despois de aplicar os criterios anteriores persistise o empate entre varias solicitudes, resolverase a asignación da praza tendo en conta o resultado do sorteo público das dúas primeiras letras de prioridade, tanto para o primeiro apelido como para segundo apelido.

O sorteo realizarase no Servizo Municipal de Educación antes do inicio do período de solicitude das prazas.

A data e hora de celebración do sorteo publicarse na web municipal www.coruna.gal/educacion, como mínimo, un día antes da súa celebración.

O resultado do sorteo tamén se publicará na mesma páxina web municipal www.coruna.gal/educacion, como máximo, dentro dos tres días seguintes á súa celebración.

4. LISTA DE AGARDA

A lista de agarda, elaborada por grupos de idade, estará formada por aquelas solicitudes de nova admisión presentadas dentro dos prazos establecidos e que non obtiveron praza, ordenadas segundo o posto e a puntuación alcanzada conforme aos criterios de prioridade e baremación regulados nestas bases.

Elaborarase unha lista de agarda única para toda a rede de escolas infantís municipais que estará publicada na páxina web municipal.

A lista de agarda estará actualizada en todo momento.

A lista de agarda será válida ata o 31 de decembro de 2026. Non se realizarán mais chamamentos a partir desa data.

As vacantes que se produzan durante o curso escolar nalgunha das escolas infantís municipais iranse cubrindo coa lista de agarda ofertando as prazas vacantes por orde.

Ofertaranse vacantes en calquera das escolas infantís municipais por se é de interese para a familia. Se non se acepta, continuarase na lista de agarda na mesma posición para un futuro chamamento.

O chamamento da lista de agarda farase dende o Servizo Municipal de Educación. De non haber resposta no prazo máximo de tres días hábiles desde o día de remisión da mensaxe de correo electrónico, contactarase coa seguinte solicitude que lle corresponda por orde.

A formalización da matrícula, unha vez aceptada a vacante, deberá tramitarse directamente na escola infantil asignada.

Unha vez aceptada a vacante e formalizada a matrícula causará baixa na lista de agarda.

É responsabilidade de cada solicitante manter actualizados os datos de localización (teléfonos, dirección, e-mail, etc.) que se achegaron no seu día coa solicitude da praza co fin de que se lles poida chamar da lista de agarda.

5. XESTIÓN DE MATRICÚLALAS DO ALUMNADO ADMITIDO

A matrícula será xestionada por cada unha das escolas da REIM.

Deben formalizar a matrícula todos os/as nenos/as admitidos, xa a obtivesen por traslado, reserva de praza ou mediante ou procedemento de novo ingreso.

A persoa solicitante admitida deberase dirixir á escola asignada e presentar a seguinte documentación:

- Carta sanitaria do/a menor.
- Carta de vacinas do/a menor.
- De ser o caso, un informe médico sobre alerxias ou intolerancias.
- Calquera outra documentación que a escola requira en función das circunstancias particulares de cada caso.

O cumprimento do calendario de vacinación infantil do Programa Galego de Vacinación, así como a formalización da matrícula no prazo sinalado, son imprescindibles para confirmar a praza. En caso contrario, a persoa interesada decaerá da súa solicitude e do dereito á praza, e ofertaráselle á seguinte persoa solicitante na lista de agarda por rigoroso orde de puntuación.

6. BAIXAS

Segundo o artigo 29 do Regulamento de Organización e Funcionamento das escolas infantís integradas na REIM do Concello da Coruña, causarase baixa nas escolas infantís da REIM debido aos seguintes motivos:

- ✓ Vontade propia, mediante unha comunicación por escrito das familias ou representantes legais.
- ✓ Non abonar as tarifas correspondentes.
- ✓ Falsidade nos documentos e datos presentados, sen prexuízo das responsabilidades legais que puidesen proceder.
- ✓ Falta de asistencia continuada durante 5 días lectivos continuos ou 20 días descontinuos sen causa xustificada.
- ✓ Incumprimento das normas de funcionamento interno das escolas. Neste suposto, resolverá o Servizo Municipal de Educación, logo dun informe da Dirección da escola.

As baixas cubriranse por rigoroso orde de puntuación coas solicitudes da lista de agarda correspondente a cada grupo de idade.

7. SOLICITUDES POR CIRCUNSTANCIAS EXCEPCIONAIS

No caso de que, por circunstancias excepcionais xurdidas durante o curso 2026/2027 que non existisen no momento da convocatoria de prazas, unha persoa desexe solicitar unha praza vacante nunha escola infantil municipal, deberá dirixir un escrito por rexistro ante o Concello da Coruña.

As circunstancias excepcionais deberán ser valoradas polo Servizo Municipal de Educación, previa solicitude da persoa interesada debidamente motivada e coa aportación da documentación que lle sexa requirida.

Considérase que existe unha circunstancia excepcional que motiva a aceptación dunha solicitude fora da convocatoria de prazas, cando durante o curso escolar 2026/2027, a persoa solicitante se encontre nalgunha das seguintes situacións:

- Urgencia social (de acordo co previsto na cláusula 2.3.1). Neste caso, de existir unha vacante, terá preferencia para o ingreso nunha escola infantil municipal.
- Empadramento na cidade da Coruña durante o transcurso do curso escolar, con posterioridade a esta convocatoria, e con impedimento laboral ou de outro tipo para o coidado da/o menor.
- Persoa que, sen estar empadroadada na cidade da Coruña, obtén un posto de traballo nesta cidade con posterioridade a esta convocatoria e con impedimento laboral ou de outro tipo para o coidado do/a menor.
- Outra circunstancia debidamente motivada pola persoa solicitante que xustifique a necesidade dunha praza nunha escola infantil municipal e a súa solicitude fóra da convocatoria de prazas.

O Servizo Municipal de Educación valorará a circunstancia concreta da persoa solicitante e poderá asignarlle unha praza para o curso 2026/2027. De ser preciso, poderase convocar á Comisión de Escolarización para a súa valoración.

Soamente se poderá asignar unha praza vacante no curso 2026/2027 por circunstancias excepcionais no caso de que non exista lista de agarda ou no caso de que, aínda existindo lista de agarda, ningunha das persoas da lista desexen matricularse na praza vacante ofertada.

En todo caso, no caso de que xurdan solicitudes de urxencia social terán preferencia con respecto ás persoas que estean na lista de agarda con motivo dunha solicitude ordinaria.

8. PROTECCIÓN DE DATOS.

Os datos persoais recollidos neste procedemento incorporaranse a un ficheiro para os exclusivos efectos da súa utilización dentro do proceso de admisión nas escolas infantís integradas na REIM do Concello da Coruña para o curso 2026-2027, en cumprimento do disposto na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía de os dereitos dixitais.

O responsable do seu tratamento é o Concello da Coruña, con NIF P1503000J e domicilio en Praza María Pita n.º 1, 15001 A Coruña. A base legal deste tratamento é o consentimento expreso das persoas interesadas na solicitude dunha praza na REIM para o curso 2026-2027.

Os datos serán facilitados polo pai, a nai ou titor/a de o/a menor rexistrado/a.

Trataranse os datos identificativos do/a menor e datos identificativos, datos de contacto, datos profesionais e datos económicos dos/as representantes legais do/a menor, así como, no seu caso, datos da súa saúde.

Os datos persoais solicitados a través desta solicitude serán cedidos ás empresas adxudicatarias da xestión de cada unha das escolas que integran a rede municipal, as cales asumen expresamente as responsabilidades como encargadas do seu tratamento.

Poderán ser cedidos tamén a outras administracións públicas cando sexa necesario para a correcta prestación do servizo, obtención de maior financiamento ou ben en cumprimento dun mandato legal ou xudicial.

Así mesmo, procederase á publicación, seguindo os criterios establecidos nestas Bases Reguladoras, respectando en todo caso, o establecido na normativa de protección de datos persoais.

As persoas interesadas poderán exercer os dereitos de acceso, rectificación, supresión, oposición, limitación do tratamento e portabilidade, dirixíndose por escrito ao Concello da Coruña, a través do procedemento dispoñible en a sede electrónica:

<https://sede.coruna.gal/sede/é/tramites-e-servizos-electronicos/guia-de-procedementos-e-servizos/detalle-de-procedementos/exercicio-de-dereitos-sobre-os-datos-de-caracter-persoal/contido/1453762232714?argIdioma=é>

9. RÉXIME DE RECURSOS

Contra esta convocatoria cabe interpoñer un recurso potestativo de reposición ante o órgano que as ditou, no prazo dun mes contado a partir do día seguinte ao da súa publicación ou notificación, segundo o previsto na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das administracións públicas, ou ben, directamente, un recurso contencioso -administrativo, no prazo de dous meses, segundo o previsto na Lei 29/1988, do 13 de xullo, reguladora da xurisdición contencioso-administrativa.

10. PUBLICACIÓNS

Esta convocatoria publicarase para coñecemento xeral no BOP da Coruña, na páxina web do Concello da Coruña (www.coruna.gal/educación) así como nos taboleiros de anuncios de cada escola infantil municipal.

As sucesivas publicacións relativas ao proceso así como a listaxe de agarda estarán publicadas na páxina web do Concello da Coruña (www.coruna.gal/educación) e nos taboleiros de anuncios de cada escola infantil municipal.



ANEXO – RESUMO DE PRAZOS

TRÁMITE	DATA/PRAZO
Renovación praza	Do 9 ao 12 de marzo
Traslado de praza	Do 9 ao 12 de marzo
Publicación prazas vacantes curso 2026/2027	13 de marzo
Pre inscrición en liña e solicitude por rexistro	Do 16 ao 30 de marzo
Publicación das solicitudes presentadas	4 de maio
Prazo de alegacións e emenda contra listaxe solicitudes	Do 5 ao 18 de maio
Resolución provisional	8 de xuño
Alegacións	Do 9 ao 22 de xuño
Resolución definitiva	30 de xuño
Matrícula	Do 1 ao 10 de xullo